

NOTA DE PRENSA

Dous mozos de Secundaria de A Coruña e unha de Lugo gañan a Olimpíada Galega de Bioloxía

Representarán a Galicia na fase nacional, que se celebrará en Valencia no mes de marzo

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- Ao longo da xornada de hoxe celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade de A Coruña a quinta edición da Olimpíada Galega de Bioloxía. No certame participaron 75 estudantes de segundo de bacharelato de toda Galicia, dos que resultaron vencedores dous de Pontevedra e un de Santiago. Na organización do evento colaboraron a Xunta de Galicia, as tres universidades galegas e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-.

Os gañadores foron a moza **Xarxa Quiroga Álvarez**, do Instituto de Ensino Secundario Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo; ademais de **José Manuel de María Prieto** e **Carlos Rodríguez Sáez**, os dous do Colexio Maristas Cristo Rey da Coruña.

Os tres finalistas galegos acudirán á Fase Nacional, que se celebrará a finais de marzo en Valencia. **O propósito das probas nacionais é seleccionar a catro estudantes para participar na Olimpíada Internacional de Bioloxía (IBO)**. Pola súa parte, os catro finalistas seguintes participarán na Olimpíada Iberoamericana. Ademais, os tres gañadores recibiron un diploma e unha cámara fotográfica.

O conselleiro de Educación, **Jesús Vázquez**, presidiu a entrega de premios. No acto de clausura tamén estiveron os decanos das Facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo, **Jaime Gómez Márquez** e **Pedro Pablo Gallego Veigas**; o decano da Facultade de Ciencias da Coruña, **Horacio Naveira Fachal**; representantes do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-; ademais do coordinador da Olimpíada Galega de Bioloxía, **Pedro Nozal Cantarero**, entre outras autoridades.

Os rapaces, ademais de participar nas probas, tiveron a oportunidade de facer un percorrido polos laboratorios da Facultade de Bioloxía de A Coruña e asistiron a unha conferencia sobre a experiencia persoal do biólogo Juan Freire.

Os estudantes procedían de 29 centros da comunidade galega. Segundo **Pedro Nozal**, “continuamos en auge, mantendo o bo ritmo e cada vez contamos con máis participantes. O obxectivo agora é superar o número de centros que se presenten para a seguinte edición”.

...PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia_981 55 44 07

...Máis información_Pedro Nozal_616 256 096